

**Tarefa final sobre as persoas exiliadas en Francia, América latina e no territorio español
aferrollado pola ditadura franquista.**

Tarefas propostas:


- 1ª. Lectura atenta de páxinas escolleitas da novela *Vémonos mañá* de Xosé Monteagudo e do relato titulado "Agardei por ti" no libro *Un cesto de mazás* de Montse Fajardo (dispoñible na biblioteca do IES).
- 2ª. Resposta individual por escrito ás cuestións desta proposta didáctica.
- 3ª. Posta en común nunha sesión reflexiva final na aula

Temporalización: 3 sesións.

- 1ª sesión: Presentación da práctica, lectura dos materiais e comezo de realización das tarefas.
- 2ª: Procura de información complementaria e elaboración do informe escrito.
- 3ª: Posta en común e entrega da produción escrita.

Sistema de avaliación:

- Observación do traballo desenvolvido nas sesións e da participación na posta en común.
- Valoración na produción escrita final:
 - a) Selección da información complementaria e referencias precisas ás fontes de información.
 - b) Calidade das argumentacións reflexivas que demostren o coñecemento producido pola realización desta tarefa.



1ª. Nas páxinas seguintes de *Vémonos mañá* describense os últimos día da guerra civil. Identifica aos persoeiros históricos que se mencionan. Sitúaos ideolóxicamente e describe a súa importancia política ou militar no bando leal á Segunda República.

O interior da casa era un mare mágnun de persoas que se movían, intercambiando mensaxes e explicacións de urxencia. O seguinte que lembraba con precisión era que un día despois o presidente Negrín lle ordenara integrarse nun destacamento militar que se poñía en camiño para esmagar a rebelión en Cartaxena.

A partir de aí as imaxes volvían ser nítidas na súa lembranza. Na escena seguinte viaxaba nun vehículo militar, acompañando a Enrique Líster e o coronel que mandaba o continxente, á fronte dunha fila de camións que transportaban un milleiro de soldados. Mentres escoitaba o diálogo que mantiñan os seus dous acompañantes sobre as disposicións bélicas que habería que tomar para reducir os insurrectos, non deixaba de preguntarse que sentido tiña a súa presenza entre eles.

Unha semana máis tarde, o recordo que máis o seguía torturando era a visión que tiveron desde a fronte da columna de vehículos cando chegaron ás aforas de Cartaxena. Ao lonxe, observaron a perfecta formación dos once buques que compoñían a frota, afastándose lentamente, coma nun silencioso desfile que tivese por obxecto mostrar a elegancia naval con que a mariña republicana se despedía da guerra. O brutal contraste entre a pacífica imaxe e o significado das súas consecuencias paralizou a marcha dos vehículos que formaban a columna, que permaneceron detidos, cos motores en marcha durante varios minutos, mentres todos os seus ocupantes contemplaban a escena, abraiados.

Pouco despois, cando chegaron ás primeiras casas da cidade, noutro instante que permaneceu nítido na súa memoria,

Bibiano recordaba que o comandante da forza lle ordenara que ficase nun posto da retagarda e ao longo das horas seguintes, na súa condición de civil integrado nunha unidade militar ou de militar con funcións de non combatente, non sabía ben, sentira que todo comezaba a esfarelarse definitivamente.

Desde que chegara á zona Centro-Sur, había menos dun mes, os parámetros con que contaba dirixir en Francia o ánimo da resistencia a través dos comisarios baixo o seu mando mudaran por completo. En ningún dos puntos que visitara ao longo daquelas tres semanas puidera encontrar nada semellante a unha base firme sobre a que reconstruír a moral dos combatentes. Conforme transcorrían os días, descubriu que en todas partes crecían os rumores e ameazas, noticias de conspiracións remotas e de solucións rápidas á situación comprometida en que estaban atrapados milleiros de persoas.

A medida que pasaban as horas e as novas que chegaban ao seu posto da retagarda falaban de que as forzas do Goberno reconquistaban Cartaxena con rapidez, por un intre pensou aínda que había unha mínima posibilidade de solución. Pero esa noite, de regreso en El Poblet, comprendeu que comezaba o último acto da traxedia. Na posición Yuste, mentres os ministros, oficiais e altos cargos consumían unha cea frugal, Negrín contestou unha chamada de teléfono. Cando colgou, no ton máis grave que Bibiano lle escoitara nunca, comunicoulles a todos a noticia que acababa de recibir.

—O xeneral Casado acaba de dar un golpe de Estado en Madrid contra o Goberno lexítimo da República —díxolles.

Algúns dos presentes falan de opoñerse a aquela sublevación. Seguro que non todo estaba perdido e que a podían

2ª. Elabora unha listaxe dos cargos políticos que desempeñou o marido de Josefina Arruti e das súas relacións con outros persoeiros durante o quinquenio republicano que aparecen citados nas páxinas seguintes de *Vémonos mañá*. Despois consulta a biografía deste persoeiro no sitio virtual do [Album de Galicia](#) (Consello da Cultura Galega) a Real Academia da Historia escribense. Fai unha listaxe dos cargos que desempeñou durante a guerra civil e no exilio.

comúns. O tema que a Viriato máis semellaba atraelo era a lembranza dos anos da República, que vivira na cidade, en asiduo contacto con varias das persoas que se integraran nos partidos de esquerda e no movemento galeguista. Verbalizar a súa opinión e o seu relato contando historias sobre Castelao, Bibiano, Bóveda e tantas outras persoas que o Réxime fixera desaparecer da vida pública, era para el unha forma de esconxurar o asoballamento da memoria que as novas autoridades levaban facendo desde o primeiro día, en todas as formas posibles.

Tal como lle confesou a Josefina nalgunha ocasión, a conciencia de residir na mesma casa que habitara Bibiano naqueles anos era para el un honor. Ás veces, tras recordar algunhas das decisións que Bibiano adoptara nos seus tempos de alcalde, despois de relatar algunha das conversas que mantivera con el, quería saber como era a súa vida actual no exilio. Preguntáballes a Josefina a que se dedicaba, se seguía en política, se mantiña contacto con Castelao e cos demais exiliados ou se ela e mais os seus fillos tiñan pensado xuntarse con el nalgún momento. Josefina non dispoñía de resposta para case ningunha desas preguntas. Viriato desculpaba as súas evasivas e xeneralidades pensando talvez que non desexaba confesarlle nada da relación actual que mantiña co marido, mais a verdade era que Josefina apenas tería nada que contarlle aínda que quixese satisfacer a súa curiosidade.

As mensaxes que intercambiara con Bibiano ao longo dos últimos sete anos, desde que restableceran a comunicación por vía postal, foran escasas e a información que contiñan non entraba en demasiados detalles. Na ducia e media de cartas que ela conservaba coma a alfaia máis prezada, Bibiano decla-

3ª. Deduce que actividade desenvolveu durante a guerra civil a amiga de Bibiano F. Osorio Tafall partindo da lectura das páxinas que seguen de *Vémonos mañá*. Procura outros casos de mulleres semellantes na guerra de España e na Segunda Guerra Mundial.

ao hotel, na recepción encontrou a persoa que menos podía imaxinar naquel lugar, a que ao mesmo tempo encarnaba a posibilidade que máis ledicia lle podía proporcionar nese intre: Ione Robinson. Decontado, fundíronse nunha aperta na que os seus corpos permaneceron apegados un ao outro durante un bo anaco en completo silencio, coma se calquera palabra profanase o que para ambos significaba o reencontro.

Foron cear a unha *brasserie* do Barrio Latino, onde intercambiaron toda a información do que fixeran durante eses meses en que estiveran separados. Despois de escoitar o relato de Bibiano, Ione contoulle que ao volver a París, tras abandonar Cataluña, se encontrara coa desagradable sorpresa de que a casa que tiña alugada na cidade fora asaltada na súa ausencia. Non por uns ladróns en busca de obxectos que roubar, como sospeitara no primeiro intre, confesoulle, senón pola Xendarmería, tal como descubriu ao denunciar os feitos na comisaría máis próxima. Nesa altura, o seu contacto cos republicanos españois e a súa teima de cruzar a fronteira como fose convertéranse ao parecer nunha persoa perigosa para as autoridades francesas, ou polo menos en alguén sospeitoso a quen debían vixiar de preto. Bibiano sentiuse contrariado ao oílo, mentres Ione asumía os feitos que acababa de contarlle coma un pequeno contratempo, sen maiores consecuencias.

—Forma parte do prezo que hai que pagar ás veces por querer vivir sen medo e sen dar contas a ninguén —díxolle.

A única conta que daquela sentía pendente era consigo mesma e co sufrimento humano que contemplara no territorio republicano. Tal como lle anunciara a Bibiano antes de partir, o seu compromiso era o de difundir onde puidese o suplicio e o

heroísmo dun pobo que loitaba contra a agresión fascista. Con ese obxectivo regresara a Nova York e expuxera os seus debuxos e fotografías sobre a Guerra Civil, participara en programas de radio e dera conferencias sobre a guerra e sobre a persecución dos xudeus en Alemaña. E logo fixera o mesmo en Washington e en México, onde se reencontrara cos seus vellos amigos. Por uns días, no Distrito Federal recuperara a ledicia dun tempo en que aínda non vira de preto a dor e a mágoa e no cal as súas ilusións podían voar sen que nada as detivese, ata que un dos seus amigos mexicanos lle falara dos fillos exiliados dos combatentes republicanos, aos que trasladaran a unha cidade do estado de Michoacán.

Ione nunca oíra pronunciar o nome daquela cidade. Morelia. Pero a descrición que lle fixo aquel amigo verbo duns cativos depositados nun mundo estraño, sen ningunha das referencias humanas e materiais que coñeceran, carentes da certeza dun futuro de liñas precisas, espertou decontado o seu interese. Preguntoulle onde quedaba Morelia, e díxolle a aquel amigo que desexaba ver eses exiliados menores de idade. Tras unha viaxe de varias horas por estradas interminables, tundidas polo sol e cubertas de po, cando observou a realidade das varias ducias de rapaces que vivían nun centro de acollida que era unha especie de internado, acometeuna unha mágoa profunda. Falar con aqueles cativos, orfos moitos deles, tróuxolle á lembranza as historias da desgraza que acababa de deixar en Barcelona poucas semanas antes e, igual ca daquela, acordou facer debuxos e tomar fotografías do novo cadro de aflición que a guerra lle regalaba ao mundo, sen que o mundo quixese contemplalo, unha vez máis.

4ª. Identifica as actividades que realizou Bibiano Fdez. Osorio-Tafall en Francia partindo da lectura das seguintes páxinas de *Vémonos mañá*. Procura información sobre o organismo mencionado (SERE) e a súa relación cos campos de refuxiados de Argelés, Barcarés e Saint Ciprien ata 1940.

acabado de crear para realizar o seu labor, descubriu abraiado que, ao mesmo tempo que alentaba a fe na vitoria e animaba a unha resistencia sen concesións que como mínimo evitase as represalias sobre os vencidos, o Goberno tivera a prudencia de trasladar a Francia e a Gran Bretaña os recursos económicos necesarios para ser empregados naquela empresa. Entre as instrucións que o presidente Negrín lle impartiu estaba a de dar conta de todo o que se gastase, ata a derradeira moeda. Fóra diso, a forma concreta de realizar o traballo correría da súa conta, sen máis obriga ca a de informar regularmente ao resto dos membros do SERE sobre o desenvolvemento dos traballos.

Despois de trazar un plan minucioso sobre o que pretendía facer, unha tarde durante un encontro que mantivo con Ione nun café da Place Clichy, Bibiano engadiu o derradeiro detalle. As autoridades francesas estaban a poñer bastantes atrancos a que os altos funcionarios do Goberno republicano accedesen aos campos de refuxiados situados no sur do país. Polo que el sabía, as persoas recluídas neles, vixiadas en todo momento por soldados das colonias, atravesaban unha grave penuria. Nos vindeiros días ía visitar os campos, anuncioulle a Ione. Se ela estaba disposta a acompañalo talvez puidese realizar debuxos e sacar fotos que desen a coñecer a situación, co fin de espertar noutros países unha maior solidariedade para acollelos.

Unha semana máis tarde, acompañados por un deputado republicano e por un oficial que facía de enlace coas autoridades francesas, puxeron rumbo a Perpignan, onde comeron algo lixeiro antes de se dirixir ao campo de Argelès-sur-Mer. O que viron alí a Bibiano resultoulle bastante peor do que imaxinaba. Unha masa de varios milleiros de persoas, cubertas

polas cotrosas roupas con que chegaran a aquel lugar tres meses antes, amoreábanse nunha enorme praia onde só se albiscaban cabezas. Entre a auga e o territorio das persoas libres, os lindes do campo estaban marcados por un cerrume de arame de pugas, vixiado por unha ducia de soldados. As mulleres e os cativos foran trasladados a outros recintos no norte de Francia, de xeito que alí estaban recluídos sobre todo os antigos combatentes do exército popular.

No primeiro intre, Bibiano tivo que escoitar unha infinidade de queixas e protestas polo trato que estaban recibindo e polas condicións insás en que os mantiñan as autoridades francesas. Non dispuxeran de ningún servizo para acollelos. Ao principio, lavábanse e facían as súas necesidades na auga, contáronlle, e durmían á intemperie ou intentaban gorecerse precariamente da xeada nocturna enterrando o corpo na area. Para alimentárense, apenas lles entregaban máis comida ca a que algúns días lles levaba un camión que envorcaba nun extremo da praia o pan e os legumes que eles cociñaban logo coa auga do mar. Despois dos primeiros días trataran de organizarse como podían e acoutaran un espazo de praia que facía de latrina. Ergueran algunha barraca con lonas e paus para acoller os enfermos, cada vez máis numerosos, pero non podían evitar que a xente seguisse finando por mor da fame, o frío e as múltiples enfermidades. Naquela altura, algúns estaban tan desesperados que incluso matinaban na idea do suicidio. Tal como lle dixo un dos refuxiados, un home fraco, co rostro cheo de engurras e os ollos afundidos, diminutos, «todos nós envexamos nestes intres a vida que pasa un can ou un gato de calquera familia francesa».

5ª. Describe como foi a acollida aos exiliados republicanos españois en México partindo da lectura das páxinas que xuntamos do relato *Vémonos mañá* de Xosé Monteagudo.

medida comezou a preparar a acollida de todos os refuxiados que se quixesen instalar no seu territorio. Polo que lle contou Cándido Bolívar, no país de acollida os exiliados tiñan os seus principais opoñentes entre os membros da clase adiñeirada, maioritariamente partidaria do bando franquista, para quen eles só eran uns roxos indesexables que viñan revolucionar a sociedade. Pola contra, os membros das clases populares nadas da Revolución e hispanófobas de sempre, acollíanos co afecto e a solidariedade que lles merecía o seu pasado esquerdista e o seu presente de perseguidos por unhas ideas políticas comúns. Fóra diso, informouno Cándido, os medios que os intelectuais exiliados tiñan á súa disposición para investigar, e a colaboración que estableceran entre eles nos centros onde traballaban, conformaba o máis parecido á entusiasta comunidade científica que esnaquizara a guerra no seu lugar de orixe.

Bibiano non precisaba de moitos argumentos para emprender a viaxe, así que despois desa última conversa comezou a preparar a súa partida. Chegou a México D.F. nos primeiros días do ano 1940 e a súa sorpresa inicial provocoulla atopar nas oficinas do Instituto Politécnico, onde Cándido acordara encontrarse con el, tamén a Federico Bonet e mais a don Ignacio, a quen unhas semanas antes lle concederan o doutorado honoris causa pola UNAM. O Politécnico era un centro público, creado baixo os postulados da Revolución mexicana, onde se impartían cursos de nivel medio, superior e de posgrao en materias científicas e técnicas. Tal como lle anunciou ese día don Ignacio, xa estaba todo arranxado para que el comezase a súa actividade investigadora no laboratorio da Escola Nacional de Ciencias Biolóxicas, que dependía do Politécnico, ao igual que

6ª. Deduce que actividades profesionais desenvolveu Bibiano Fernández Osorio-Tafall en México partindo da lectura das páxinas que xuntamos do relato *Vémonos mañá*. Despois, consulta as biografías deste persoeiro dispoñibles do [Album da Ciencia](#) do Consello da Cultura Galega e na [Real Academia da Historia](#) e elabora un texto expositivo sobre a súa formación e as funcións diplomáticas, docentes e investigadoras que exerceu no exilio.

Retomou as investigacións sobre o plancto mariño, que comezara había moitos anos en Galicia, e que era, definitivamente, o campo científico que máis o atraía. Ata entón, unha das conviccións máis arraigadas no seu pensamento era que as tarefas daquela índole só rendían resultados nun prazo longo, que a miúdo ocupaba toda a vida do investigador. Emporiso, en México, coma se o cambio de continente supuxese unha aceleración do tempo e os procesos, igual que ocorría por mor do clima noutros aspectos da natureza, comezou a obter axiña as primeiras recompensas. Aos dous anos de comezar as súas investigacións sobre o medio mariño e a hidrobioloxía, o seu nome era amplamente recoñecido como un dos grandes especialistas da ciencia mexicana no seu campo. El mesmo estaba sorprendido da repercusión que acadaban os seus artigos e para explicalo ás veces dicíase que se entre a ampla comunidade científica que formaban os exiliados e mais os naturais do país o seu nome sobranceaba, era só porque dedicaba os seus esforzos a un eido menos estudado ca os demais.

No relato dos feitos que podía facer algúns anos despois, o seu recoñecemento ía parello ás expedicións científicas que reali-

zou nesa época ao longo do territorio mexicano e das súas augas costeiras. Entre todas, lembraba sempre a primeira, cando a finais de decembro de 1941 embarcou no pesqueiro *Newport II* no porto de Guimas, Son, e ao longo dos dous meses seguintes dedicou a maior parte do seu tempo a estudar o fitoplancto e as diatomeas das augas da Baixa California. Era unha zona case inexplorada desde o punto de vista científico, pero o que lle proporcionou unha gratificación suplementaria foi gozar tamén dun tempo de lecer tinguido de aventura. Contemplar a paisaxe esgrevia das costas e as illas, a fulguración de azul neon producida nas augas pola *noctiluca* ou intercambiar algunhas breves impresións cos poucos habitantes e pescadores locais onde amarraban, devolveuno aos anos remotos da súa primeira xuventude, cando tiña tempo para esa clase de experiencias. Quizais porque no absorbente ritmo do seu actual labor eran escasas, entregouse a elas con toda intensidade.

Nos seus informes e nos artigos que publicaba nas revistas especializadas, a súa convicción de que o traballo científico debía estar ao servizo da saúde e o benestar humanos expresábase a miúdo nas reflexións que facía sobre os temas que trataba. Fóra das encargas que lle encomendaban o Goberno ou as grandes empresas do sector, pensaba que tales observacións carecían de consecuencias prácticas, mensaxes no interior dunha botella lanzada ao mar, na que ninguén ía reparar. A súa maior sorpresa proporcionoulla, xa que logo, observar que un dos seus traballos estaba na orixe dunha importante modificación da Constitución mexicana. O que lle resultou máis curioso foi que el fixera a exposición daquel traballo nun foro técnico, a Sociedade Mexicana de Xeografía e Estatística, da que era membro,

7ª. Lee con atención o relato titulado “**Agardei por ti**” no libro *Un cesto de mazás* de Montse Fajardo (dispoñible na biblioteca do IES). Compara esa experiencia coa de Dolores Vilamarín Otero, unha muller vítima da represión franquista durante a guerra civil e exiliada na posguerra porque o seu marido (Francisco Dopazo Protasio) fora concelleiro socialista, presidente do Sindicato da Madeira da Casa del Pueblo de Ourense e combatente republicano refuxiado en Francia en 1938. Estivo preso no campo de concentración de Argelés e integrou os batallóns de marcha ata a invasión alemá de Francia en 1940. No entanto, Lola salvouse de ser violada e asasinada polos falanxistas, que xa a detiveran, porque os gardas civís encargáronse dela e levárona para ser xulgada en Ourense en 1937. Estivo presa na cadea para mulleres de Bande ata que a liberaron a finais de 1938. Regresou a súa casa de Parada e tardou dez anos en xuntarse co seu marido, pasando clandestinamente a Francia. Viviron alá ata que retornaron en 1968. Lola narrou esas experiencias traumáticas do xeito que segue.¹

[...] O meu Francisco e outros botaron once meses escondidos en minas e metidos en pozos secos no monte. Tiñamos medo que nos enfermaran ou que os pillasen unha noite cando iba o pobriño vello levarlle a comida. Eu tiña unhos amigos en Untes que tiñan unhas aceas do outro lado do río e pasáronos a Portugal en julio do trinta e sete. Estuveron dezaioito meses en Portugal pero despois prendéronos e botaron sesenta e un días presos. Escribíronlle ó cónsul de Inglaterra e fíxolles un pasaporte ós que tuveran cartos. Leváronos en barco a Casablanca e pasaron a Francia nun barco inglés. O meu volveu a Barcelona porque aínda había guerra e faltaban obreros. Despois volveu a Francia cando foi a retirada pralá e iba embarcar para Chile porque o reclamaban as miñas familias dalá que xa arreglaron os papeis en Buenos Aires. Pero marchou don Alfonso Pazos que era deputado co nome do meu home e il quedou en Francia. Estuvo catorce meses e medio nun campo de concentración en Argelés, nunha praia cerrada vixiados por moros que os mallaban si querían salir [...] Despois fixeron batallóns de traballo cos carpinteiros, albañiles e canteiros que estaban refuxiados, para facer hangares e desas cousas de hormigón contra os alemáns [...] Despois entraron os alemáns e anduvo escapado hasta que foron liberados por De Gaulle e traballou facendo pantanos de auga para electricidade nove anos mais [...] A min veume prender a Falange deiquí o vinteoito de julio de 1937 ás seis da mañá, ós oito días de marchar el pra Portugal. Romperon a porta, pedíronme os traxes dil e roubáronme hasta os coellos. Déronme golpes que me desfixeron iste hombro e non me mataron porque xa estaban os compañeiros do meu cuñado ó tanto e chegou o sargento da Guardia Civil cun soldado e cun guardia e colléronme no camiño para o cuartel de Falange. Fun presa pra Bande e alí me tiveron nove meses. Non me fixeron xuicio nin nada, porque nos levaron presas polos homes. Estábamos presas cento e pico de mulleres con oito nenos e nenas

¹ Reproducimos da transcrición textual da grabación da memoria de vida de Dolores Vilamarín Otero, entrevistada por Raúl Soutelo Vázquez en agosto de 1990, Arquivo Oral do Museo Etnolóxico de Ribadavia.

[...] Salín da cárcel en marzo do ano trinta e oito. Víñenme pra casa e vivía cunhas tías [...] Cando libráron Francia dos alemáns meu marido pedíume pralá e pasei clandestinamente a fronteira en xaneiro no corenta e oito. Pagamos tres mil pesetas que as mandaron os meus de América como lle pediu nunha carta o meu home.

8ª. Compara as experiencias traumáticas vividas por Dolores Vilamarín coas de Josefina Arruti descritas en “Agardei por ti” e as de [Mercedes Núñez](#) partindo dos datos que se fornecen e da información complementaria que obteñas nos sitios virtuais recomendados.